

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO PARA A REHABILITACIÓN DUN INMOBLE DESTINADO A CENTRO DE ACOLLIDA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON PROBLEMAS DE ADICCIÓN NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDAS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, que actúa en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Ofelia de la Concepción Debén Rodríguez, Directora-Presidenta de Proxecto Home Galicia da Fundación Monte do Gozo, con NIF G15258213, que actúa en nome e representación desta, en virtude da escritura pública de apoderamento outorgado en data 10 de maio de 2023, ante o Notario de Santiago de Compostela, D. Francisco López Moledo, con número de protocolo 1406.

Ambas partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e convir e,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración

con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. De acordo co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, este órgano superior ten entre as súas funcións impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e na demais lexislación aplicable na materia.

IV. A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

V. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, dispón “a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren”.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral.

VI. O Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027) inclúe no seu Anexo I o Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres. A Área 2 deste catálogo adícase á “Asistencia Social Integral e á Reparación” e, dentro desta, establécense os “Servizos especializados de apoio, asistencia e recuperación integral” para as vítimas de todas as formas de violencia contra as mulleres. Nestes servizos, entre outras prestacións, garantírase o aloxamento temporal seguro, tanto de emerxencia como de longa estancia, prevéndose tamén a adaptación dos servizos especializados ás necesidades específicas das mulleres novas, das mulleres maiores, das mulleres con discapacidade, das mulleres con problemas de adicción, de saúde mental, das mulleres sen fogar ou en risco de exclusión social.

VII. En decembro de 2017, os distintos Grupos Parlamentarios, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais representadas na Federación Española de Municipios e Provincias, ratificaron o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o cal contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e os seus fillos e fillas menores, e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se lles proporciona.

Recolle, entre outras, a mellora progresiva da adaptación dos recursos de apoio e atención, como as casas de acollida, para recibir a calquera muller, independentemente da súa diversidade funcional/discapacidade, a necesidade

de asegurar recursos habitacionais suficientes e dignos para as mulleres vítimas, a través da rede de casas de acollida, impulsando o seu acceso a vivendas sociais a aquelas solucións que adopten as Comunidades Autónomas, a necesidade de incrementar a atención ás vítimas nas zonas rurais, cun maior número de centros de acollida e/ou de información, en coordinación coas Comunidades Autónomas.

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, conscientes de que o Pacto de Estado non pode ter como horizonte temporal o mes de setembro de 2022, senón que debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron un acordo de renovación, onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

O 26 de febreiro de 2025 o Pleno del Congreso dos Deputados aprobou de maneira case unánime a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o acordo amplía as medidas de 290 a 461, na medida 383 recóllese o fortalecemento da colaboración entre administracións públicas para mellorar a rede de recursos habitacionais destinados ás vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos e impulsar que comunidades autónomas e entidades locais poidan prestar unha atención máis próxima, eficaz e accesible para as vítimas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade tales como as relacionadas con adiccións.

VI. Na Comunidade Autónoma de Galicia aproximadamente o 20% das mulleres vítimas de violencia de xénero que necesitan facer uso dun recurso de acollemento presenta problemas graves de adicción ao alcohol ou a outro tipo de substancias estupefacientes, sendo esta unha das principais causas que impide o seu ingreso nalgún dos recursos da Rede Galega de Acollemento. As mulleres vítimas de violencia de xénero, e especialmente as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e de explotación sexual, adoitan sufrir

tamén adiccións, derivadas precisamente da extrema situación de violencia á que están expostas a diario, e presentan unhas problemáticas específicas, que precisan dunha atención especializada, centrada nunha primeira etapa no control e superación das adiccións, coa finalidade de poder atallar nunha etapa posterior as secuelas derivadas da situación de violencia de xénero e a súa reincorporación á vida autónoma.

A situación de violencia de xénero e adicción conleva unha vulnerabilidade social extrema das mulleres do que resulta un dobre estigma por un lado a transgresión do rol tradicional da muller e a unha dobre penalización moral e social.

Estudos recentes no contexto europeo, levados a cabo polo Grupo de Cooperación Internacional sobre Drogas e Adiccións do Consello de Europa, deron como conclusións unha maior prevalencia de violencias entre as mulleres consumidoras de drogas respecto das mulleres da poboación xeral, prevalencias máis altas de violencias entre as mulleres consumidoras de drogas que entre os seus homólogos varóns e unha violencia xeneralizada e sistemáticas entre as mulleres pertencentes ao colectivos máis vulnerables.

Para abordar esta problemática os recursos deben ir enfocados cara a sensibilidade de xénero á hora de tentar darlle unha solución a este problema, así débense deseñar programas e adaptar espazos ás necesidades das mulleres dando unha resposta integral que una os recursos de acollida e os recursos de atención ás adiccións.

O primeiro e o máis importante é garantir espazos de protección e recuperación fronte ás violencias de xénero sin menoscabar o proceso terapéutico.

Ao igual que sucede coas mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental, que xa contan cun recurso de aloxamento propio, é preciso dotar á Rede Galega de Acollemento dun recurso específico para as mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción.

VII. Que a Fundación Monte do Gozo, fundación clasificada como entidade benéfico-asistencial privada en virtude da Orde da entón Consellería de

Traballo e Servizos Sociais do 21 de maio de 1990 (*Diario Oficial de Galicia* número 117, do 18 de xuño), e declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de fundacións, en virtude da Orde da entón Consellería de Traballo e Servizos Sociais do 22 de maio de 1990 (*Diario Oficial de Galicia* número 119, do 20 de xuño), número 3-1990, readscrita á consellería competente en materia de asistencia social para o exercicio do protectorado en virtude da Orde do 2 de febreiro de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* número 34, do 19 de febreiro), así como recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-160, desenvolve na Comunidade Autónoma de Galicia, a través de Proxecto Home Galicia, distintos programas de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas, que teñen un modelo teórico de intervención común, deseñado como unha consecución de etapas ou fases e determinante para que a persoa usuaria acade a súa rehabilitación e integración sociolaboral. Ante a diversidade e heteroxeneidade dos factores que determinan a problemática da persoa adicta, resulta conveniente adoptar perspectivas multidisciplinares, implicando e interrelacionando aspectos sociais e individuais.

VIII. A Consellería de Política Social e Igualdade, ten constatada a necesidade de creación dun recurso en Galicia específico para a atención das mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción.

Considérase que a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Fundación Monte do Gozo comparten intereses comúns, sendo de suma importancia establecer mecanismos e vías de colaboración que coadruen na consecuencia dos obxectivos perseguidos, resultando pertinente establecer vías de colaboración que fomenten a mellora dos centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero existentes en Galicia e, en consecuencia, as partes consideran oportuno subscribir o presente convenio.

Para iso, a entidade Fundación Monte do Gozo é titular dun inmovible coa referencia catastral: 0054702NH4405C0001SM, cunha localización céntrica e integrado na área de actuación dun centro de saúde dependendo da rede sanitaria pública, que será destinado á creación dun centro de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adiccións.

Este centro deberá cumprir todos os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

A través do presente convenio preténdese fomentar por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a dotación das reformas e do equipamento necesario e sostible ao centro de acollida da Fundación Monte do Gozo para por en marcha o mesmo mellorando a calidade do recurso e as súas instalacións.

Con cargo a este convenio realizaranse as seguintes actuacións: obras e reformas no centro de acollida, adquisición de equipamento e mobiliario.

Tendo e conta o exposto, a concesión directa da subvención pola Consellería a favor da Fundación, a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, ven dada en primeiro lugar pola inexistencia en Galicia dun centro desas características sendo o primeiro e único recurso existente na comunidade autónoma que atenderá ás mulleres vítimas de violencia con problemas de adicción desde un enfoque que integre tanto a creación dun espazo seguro, asegurando a súa protección integral como a posta en marcha dun programa educativo terapéutico encamiñado á rehabilitación e reinserción social, que será realizado pola entidade Fundación Monte do Gozo entidade especializada en atender ás persoas con problemas de adiccions, desenvolvendo programas de prevención e rehabilitación para que a persoa abandone a súa adicción e recupere o protagonismo da súa vida e se reinserte na sociedade de forma autónoma e saudable.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e finalidade

O obxecto deste convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Fundación Monte do Gozo a través da concesión directa dunha subvención por parte desta consellería, para a realización de diferentes obras de reforma e rehabilitación do inmovible, do cal é titular a Fundación, situado no concello de Santiago de Compostela para destinalo a centro de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción.

A finalidade deste convenio é subvencionar as obras de rehabilitación e mellora do inmovible para destinalo a un centro de acollida, no que se atendan ás vítimas de violencia de xénero con problemas de adicións contribuíndo, desta maneira, a unha recuperación da autonomía persoal das vítimas e a súa saída do círculo de violencia e as adicións garantíndolle ás mulleres vítimas e as súas fillas e fillos menores de idade un espazo de protección e de recuperación.

Segunda. Financiamento

O importe total das axudas para o desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio será de novecentos sesenta mil vinte tres euros con setenta e nove céntimos (960.023,79€) con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D 781.0 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Cando as cantidades establecidas nesta cláusula resulten insuficientes para o financiamento da prestación do servizo e existindo crédito axeitado e suficiente, poderase aprobar unha ampliación da contía mediante a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais exixidos.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira. Actuacións subvencionables

A entidade Fundación Monte do Gozo realizará as seguintes actuacións:

- a) Demolicións interiores e adecuación estrutural.
- b) Redistribución e adecuación funcional dos espazos: nova compartimentación interior para adaptar a edificación a usos residenciais.
- c) Rehabilitación e mellora envolvente: actuacións de impermeabilización, reparación de filtracións/humidades e melloras de illamento. Mellora das prestacións térmicas e acústicas para garantir confort e eficiencia enerxética.
- d) Renovación integral de instalación: electricidade e iluminación, fontanería, auga quente sanitaria e saneamento, climatización/ventilación e melloras de calidade de aire interior, telecomunicación e datos, dotación de cuartos/armarios técnicos e canalizacións necesarias.
- e) Accesibilidade universal e eliminación de barreiras: adecuación de itinerarios e pasos interiores (anchos, portas, desniveis), adaptación de aseos/espazos e medidas para garantir uso seguro e autónomo do edificio por persoas con mobilidade reducida.
- f) Protección contra incendios e seguridade de utilización: adaptación ás condicións de evacuación, sinalización e iluminación de emerxencia, sectorización, portas e elementos resistentes ao lume, sistemas de detección/alarma, medios de extinción e medidas complementarias esixibles, adecuación e acabados a criterios de reacción ao lume.
- g) Acabados, carpinterías e dotación fixa: renovación de pavimentos, revestimentos, pintura, falsos teitos e carpintería interior, renovación/mellora de carpintería exterior (se procede) para confort e eficiencia, dotación de elementos fixos vinculados ao usos residencial.
- h) Posta a punto, probas e legalización: probas de funcionamento das instalacións, revisión finais, remates e posta a punto. Documentación final de obra e trámites necesarios para a habilitación/autorización do centro.
- i) Adquisición do equipamento necesario para vivenda e oficina, adquisición de mobiliario incluídos equipos informáticos e conexións wifi, adquisición de electrodomésticos de tipo industrial (cociña, forno, lavadora, secadora), adquisición de mobiliario para os dormitorios (camas, colchóns, armarios,

cadeiras, mesas de noite), adquisición de mobiliario para despachos, sala de estar, sala de visitas, adquisición dos accesorios para os baño, así como os sistemas de control de accesos, videovixilancia en zonas común.

j) Gastos de dirección de obra, proxectos e informes relativos a programas e proxectos de investimentos encargados a terceiros.

k) Licenzas, tramitacións e execución conforme a proxecto, taxas e gastos notariais e rexistrais.

l) O imposto sobre o valor engadido (IVE) considerarase subvencionable cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

m) Calquera outro investimento que supoña unha mellora e modernización do centro sempre responda ao obxecto do proxecto a subvencionar a través do convenio.

Cuarta. Gastos subvencionables

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada.

2. Na execución da obra ou na adquisición do equipamento estarase ao disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Tal como establece o apartado 4 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para os supostos de bens inventariables, a entidade beneficiaria desta subvención debe destinar os mesmos ao fin concreto para o que se concedeu, polo menos, durante 5 anos, no caso de bens inscribibles nun rexistro público, e durante dous anos, para o resto de bens.

5. O custo dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

6. Non se considerarán gastos subvencionables:

a) Os intereses, recargas de mora e sancións que sexan impostas á entidade.

b) Os gastos derivados de procedementos xudiciais.

Quinta. Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta

xustificativa de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a desenvolve, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria explicativa do proxecto de investimento** efectivamente realizado en relación coa axuda concedida, subscrita polo órgano competente da entidade, xunto coas fotografías da actuación realizada, nas cales se deixe constancia do cumprimento das obrigas de información e publicidade derivadas do seu financiamento público. Así mesmo entregárase a dita memoria en formato editable.
- **Certificación**, expedida polo órgano competente da entidade, acreditativa da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos, na que se relacionen os gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.
- Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- **Declaración responsable de non ter solicitado ou percibido outras axudas** para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Certificacións acreditativas** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma de Galicia.
- **Tres orzamentos** que, no seu caso, debeu ter solicitado a entidade en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- **Carta de pago de reintegro** no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Os gastos da entidade terán que adaptarse aos conceptos de gasto consignados aínda que poderán admitirse desviacións na imputación de cantidades aos conceptos de gasto nunha contía máxima dun 20% do importe da axuda concedida, sempre que non se modifique a contía total subvencionada nin a desviación se aplique a conceptos de gasto non autorizados.

- A Consellería de Política Social e Igualdade reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

A xustificación comprenderá as actuacións realizadas e presentarse con data límite o **18 de decembro de 2026**.

Sexta. Pagamentos anticipados e pagamentos a conta

1. Poderanse realizar pagos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio.

2. Realizarase un primeiro pagamento do 80% da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo tras a sinatura do convenio.

O 20% restante, ou a parte proporcional que corresponda, librarase logo da xustificación pola entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu e demais condicións exixidas neste convenio.

3. Poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula quinta, agás a memoria de actuación.

4. Segundo o sinalado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que,

de selo caso, se concederan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excedera da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

5. De acordo co establecido no artigo 65.4.h) *Réxime xeral de garantías* do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, quedan exonerados da constitución de garantías as entidades non lucrativas que desenvolvan programas de acción social.

Sétima. Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

A entidade interesada responsabilízase da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Oitava. Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso a entidade interesada deberá crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados

pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena. Obrigas da entidade beneficiaria

1. A entidade Fundación Monte do Gozo como entidade beneficiaria da subvención, debe cumprir todos os requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como as obrigas previstas no artigo 11 da dita lei, entre as que se atopan as seguintes:

- a) Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula terceira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade

Autónoma de Galicia).

- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Consellería de Política Social e Igualdade así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) De acordo co previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
- e) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- g) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de

subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- h) Presentar, antes da sinatura deste convenio as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- i) Obter as correspondentes autorizacións en relación ás obras, construcións, reformas a subvencionar establecidas no Decreto 254/2011, do 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, e permanecer destinados ao fin concreto para o que se concedeu a subvención por un período non inferior a 5 anos dende o pagamento final á entidade beneficiaria, tal e como recolle o artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño. O incumprimento disto dará lugar á revogación da concesión da subvención a través deste convenio, ao reintegro das cantidades percibidas e á esixencia dos xuros de demora legalmente establecidos desde o momento do pagamento da subvención.
- j) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- k) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

l) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio.

m) As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décima. Compatibilidade con outras axudas

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Décimo primeira. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade, ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións a subvencionar a través deste convenio non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo segunda. Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo terceira. Reintegro da subvención

1. A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerarase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Décimo cuarta. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política

Social e Igualdade e dúas persoas representantes da entidade Fundación Monte do Gozo designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

A persoa que ocupe a secretaría así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de de Loita contra a Violencia de Xénero, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo quinta. Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

1. Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

2. Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

3. As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante

o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta. Publicidade e rexistro do convenio

1. O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo sétima. Información básica sobre protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería competente en materia de servizos sociais, coa finalidade de levar a cabo a tramitación

administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo oitava. Vixencia

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2026 poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asíñase o mesmo na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA
SOCIAL E IGUALDADE
Fabiola García Martínez

Pola Fundación Monte do Gozo

A DIRECTORA-PRESIDENTA DE
PROXECTO HOME GALICIA
Ofelia de la Concepción Debén
Rodríguez